

CATEDRA COSME ALVAREZ DE LOS RIOS PREMIO Á INNOVACIÓN NAVANTIA PARA TRABALLOS DE FIN DE MÁSTER, CURSO 2022/2023

A Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos convoca un premio para traballos de fin de máster na rama do coñecemento de enxeñaría nos ámbitos naval e industrial da Universidade da Coruña (UDC) nos seguintes termos:

1. REQUISITOS

Poderán participar aqueles traballos de fin de máster (TFM) da promoción 2022/2023 de alumnado titulado en másteres universitario na rama de enxeñaría naval e industrial da UDC que obtiveron unha cualificación de sobresáinte ou matrícula de honra e que non teñen unha cláusula de confidencialidade.

A persoa solicitante debe ter rematado os seus estudos, é dicir, ter obtido o título de máster.

Para obter a condición de beneficiario/a, non se pode incorrer en ningunha das causas de inhabilitación previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, en particular, debe estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ter débedas pendentes coa UDC.

2. PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

Quen desexe participar deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Formulario de solicitude, segundo o modelo do anexo I.
- b) Un exemplar completo do TFM en formato papel e outro en formato dixital (.pdf), que debe ser unha copia auténtica da presentada na UDC. O traballo en formato dixital enviarase ao correo **catedra.navantia@udc.es** xunto cunha copia do modelo de solicitude.
- c) Un breve currículo do candidato ou da cantidata.
- d) Declaración de non estar incurso/a en ningunha das causas de inhabilitación previstas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e, en particular, deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e contra a Seguridade Social e non ter débedas pendentes coa Universidade da Coruña, segundo o modelo do anexo II. A acreditación destas circunstancias requirirase á persoa proposta como beneficiaria do premio.

O prazo para a recepción da documentación para concorrer será de 10 días que se contarán desde o seguinte á publicación desta convocatoria na Sede Electrónica da Universidade.

As solicitudes, xunto co resto da documentación deberán presentarse en calquera das oficinas de Rexistro da UDC ou a través dos medios de presentación previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 del 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou norma que o substitúa.

3. OBRIGAS DOS/AS CONCURSANTES

A presentación da solicitude implica a aceptación destas bases así como das obrigas propias derivadas do marco legal en materia de axudas e subvencións.

A persoa beneficiaria sométese ás accións de comprobación que os organismos competentes poden realizar, estando obrigada a facilitar toda a información e a documentación que para este efecto poida ser requirida.

O incumprimento das obrigas contidas nestas bases da convocatoria, a ocultación de datos ou a súa alteración ou manipulación, suporá a perda do premio e, no seu caso, a devolución das cantidades xa percibidas.

4. PROCEDEMENTO

O xurado que elixirá o proxecto premiado será nomeado polos directores da Cátedra, co visto e prace da comisión de seguimento. A súa designación farase pública na páxina web da Escola Politécnica de Enxeñaría de Ferrol.

O xurado estará composto por catro membros:

- Dous representantes de Navantia SA SME
- Dous representantes da Universidade de Coruña.

Criterios de avaliación:

- a) Innovación / Investigación: 40% (máximo 4 puntos).
- b) Integración / Uso de diversas tecnoloxías: 20% (máximo 2 puntos).
- c) Nivel de dificultade. Presentación e calidade dos documentos: 20% (máximo 2 puntos).
- d) Aplicabilidade real: 20% (máximo 2 puntos).

5. FALLO

O Xurado designará, entre os seus membros, o/a presidente que terá un voto de calidade, que por maioría simple de votos e de acordo cos criterios anteriores, propondrá a concesión do premio ao TFM mellor valorado de entre os presentados.

Se, a xuízo do xurado, ningún dos TFM presentados cumpre a calidade mínima requirida ou non cubre satisfactoriamente o obxecto da convocatoria, o premio poderá declararse deserto.

O premio outorgarase durante o mes de novembro e o nome dos gañadores publicárase no Taboleiro Oficial Electrónico (TEO) da Universidade de Coruña.

A entrega do premio celebrarase nun acto organizado pola Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos. A Cátedra levará a cabo as accións de difusión e publicidade que, en cada caso, se consideren oportunas.

6. DOTACIÓN ECONÓMICA

Establécense un premio cun importe de 1500 €, (con cargo á partida orzamentaria 0900470101.422D.6400018) e un diploma acreditativo.

A adxudicación estará suxeita á correspondente retención fiscal.

7. PROPIEDAD INTELECTUAL

O/A participante garante que o traballo presentado é a súa propia creación e recoñece que o traballo non depende nin infrinxe os dereitos de propiedade industrial e intelectual de terceiros. Non obstante, recoñécese o dereito da Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos a empregar o nome e a imaxe do autor cuxa obra é premiada noutras tantas entrevistas e eventos promocionais que a Cátedra poida organizar para dar a coñecer ó premio.

A Cátedra poderá publicar comentarios do contido premiado de TFM nas publicacións impresas e dixitais da Cátedra e/ou da UDC e NAVANTIA para o cumprimento dos seus fins promocionais.

8. CONFIDENCIALIDADE

O/A participante debe ter declarado na presentación do proxecto que o contido completo do TFM non ten carácter confidencial e permitiu a súa consulta e divulgación.

9. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" ou RXPDP), e do artigo 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrència a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal

Mediante a concorrència a esta convocatoria, a persoa interesada consinte expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos Taboleiros físicos da UDC e dentro do Taboleiro Oficial da Sede electrónica da UDC, na forma prevista na Disposición Adicional 7ª da Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales Taboleiros, para garantir a súa publicidade. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados na Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais.

A persoa interesada consinte no tratamento dos datos aos efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público

e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos. Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, Rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia "protección de datos", a través dun escrito firmado ao efecto achegando fotocopia do seu DNI. Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal. Asemade, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Ferrol,

Os directores da Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos

Fernando Lago Rodríguez

Ana Álvarez García

Anexo I
Folla de solicitude
Premio ao Mellor Traballo Fin de Máster (TFM)

D/Dona:..... con DNI.....

Enderezo.....

Poboación:CP.....Teléfono.....

Email.....e estudante do máster
....., do centro.....

durante o Curso 2021-2022, acepta as bases desta convocatoria e,

SOLICITA

se admita na convocatoria ao Premio á Innovación NAVANTIA ao mellor TRABALLO FIN
DE MÁSTER o seguinte:

Título del traballo.....
.....

Tipo de traballo: de investigación de aplicación

Cualificación..... data de defensa:.....Curso Académico: ...2022/2023

Nome do titor do proxecto:.....
Ferrol,.....de2023

Asdo. O/a solicitante

D./D.^a.....

Anexo II
Declaración responsable
Premio ao Mellor Traballo Fin de Máster (TFM)

D. / D.^a

con DNI nº

DECLARA

Que non incorre en ningunha das circunstancias recollidas no apartado 2 do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, que impidan obter a condición de beneficiario, que estea ao día no cumprimento das obrigas tributarias. e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes coa Universidade de Coruña, de acordo co que se indica no punto 2, apartado d), da Convocatoria da Cátedra Cosme Álvarez de los Ríos, Premio á Innovación Navantia para Traballos Fin de Máster.

Data

Firma